

III	Taxas precios públicos e outros ingresos	196.413,43 €
IV	Trasferencias correntes	608.700,69 €
V	Ingresos patrimoniais	11.478,36 €
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
VI	Alleamento de inversiones reais	0,00 €
VII	Transferencias de capital	146.330,66 €
VIII	Activos financeiros	0,00 €
IX	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS:		1.255.077,87 €

O Incio, 26 de abril de 2016.- A ALCALDESA, Laura Celeiro García

R. 1258

LUGO
Anuncio

FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo de contrato:** é prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo

b) **Descrición do obxecto:** O prazo de execución do servizo será de DOUS ANOS contados dende a data de sinatura da acta de inicio do contrato, podendo ser prorrogable por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS

3.- Tramitación e procedemento.

a) **Tramitación:** Ordinario

b) **Procedemento:** Aberto

c) **Publicidade:** Si

Anuncios de licitación: BOP do 15/12/2015 e perfil do contratante.

4.- Tipo de licitación:

a) **Orzamento máximo do contrato:**

O valor estimado do contrato ascende a 8.936.603,52 € polo que sumando o IVE do 4% (357.464,14 euros) resulta un orzamento total de 9.294.067,66 euros, IVE INCLUÍDO.

5.- Adxudicación:

a) **Data:** 30/04/2016

b) **Contratista:** VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA

c) **NIF:** B-85621159

d) **Nacionalidade:** ESPAÑOLA

e) **Orzamento máximo do contrato:** O prezo total para do contrato para a anualidade 2016 ascende a cantidade de 2.111.672,96 euros + 4% IVE (84.466,91 euros) o que supón un total de 2.196.139,87 euros IVE incluído

6.- Formalización:

a) **Data de formalización:** 25 de abril de 2016

b) **Duración do contrato:** A duración do contrato será de DOUS ANOS contados dende a data de sinatura da acta de inicio do contrato, podendo ser prorrogable por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

Lugo, 26 de abril de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA Ana Prieto Nieto.

R. 1259

LOURENZÁ*Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 26/04/16 os Padróns do exercicio de 2016 que se relacionan a continuación, expoñense ó público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exámen e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións.

- Padrón do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Padrón da Taxa por Entradas de Vehículos a través das beirarrúas e as reservas da vía pública para aparcadoiro, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
- Padrón da Taxa por postos de Mercado.
- Padrón de utilización ou aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos.
- Padrón da Taxa para o aproveitamento de vías e terreos de uso público mediante a ocupación con terrazas con fins lucrativos por parte dos establecementos hosteleiros,

Lourenzá, 27 de abril de 2016.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 1260

OUIROL*Anuncio*

Ante a imposibilidade de notificar no seu domicilio a don Andrés Sánchez Pardo, con enderezo en Avenida Navia de Castrillón, nº 3, 4º C, Viveiro, consonte ao disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, ponse no seu coñecemento que a Xunta de Goberno Local do concello de Ouiról, en sesión extraordinaria celebrada o día sete de xullo de dous mil quince adoptou o seguinte acordo:

“Requirir ao titular catastral, da parcela 200, do polígono 56, (referencia catastral 27038A056002000000AW), don Andrés Sánchez Pardo, para que proceda á limpeza e desbroce da mesma, eliminando os restos de dita limpeza, por incumprimento do artigo 21.1 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e por tanto a Disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, que modifica a Lei 3/2007. Segundo o artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, (modificada pola Disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia), estas actuacións, (limpeza, desbroce e eliminación dos restos da limpeza; e eliminación de árbores das especies incluídas na Disposición adicional terceira da Lei 3/2007), deben acometerse, por parte do titular, no prazo máximo de 15 días naturais.”

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa pode interponer alternativamente ou recurso reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á presente publicación ante o órgano que ditou o presente acordo, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis convinte ao seu dereito..

Ouiról, vinte e cinco de abril de dous mil dezaseis.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba

R. 1261
